



ACORDOS COMITÉ TÉCNICO XIMNASIA RÍTMICA

OURENSE, 28/09/2018

1. NORMATIVAS: ESCOLAR e PROMOCIÓN.

Apróbanse as modificacións nas normativas PROVISIONAIS do **Cpto. Galego Escolar 2019** e do **Cpto Galego de Promoción 2019** (as cales se adxuntan e se colgarán na web da Federación).

A modificacións mais notables son a introducción das ximnastas que cumpren 6 anos (ano 2013) en categoría prebenxamín e a inclusión da categoría Master-adultos para Promoción.

2. TECNIFICACIÓN.

Infórmase de que todavía hai 1.494,99 € de tecnificación pendentes de gasto para esta tempada e de que se recibiu unha proposta do Club Acordes de investilo en realizar unhas xornadas de revisión e control previo a vindeira Copa de España de Conxuntos dos clasificados.

Tras debatilo acórdase realizar unhas xornadas de control previo de exercicios de todos os conxuntos clasificados ao Nacional de Conxuntos que os desexen ca directora técnica do Club Mabel, dna. Blanca López, de ser posibel. En caso de non poder contar con ela o control iste seria realizado polos xuíces internacionais de maior rango e experiencia da nosa Comunidade. Ditas xornadas levaranse a cabo o fin de semana do 17-18 de Novembro no Inef da Coruña.

A data da reunión non está establecido o presuposto co que se contará para a tecnificación de ximnasia rítmica en 2019. Proponse por parte da técnico Natalia Gómez ter dúas liñas de tecnificación, unha dirixidas as ximnastas que actualmente están en tecnificación e outra para aquelas ximnastas que non están pero que poden acceder o Cto. De España de Clubes (B). Despois de debatilo entre as asistentes acórdase o seguinte de cara a próxima tempada:

- De cara a formación do Equipo participante no Cpto. De España en Idade Escolar 2019, realizar un control de aparatos unha xornada de Decembro (27, 28 ou 29 de Decembro) no Inef da Coruña entre as seguintes ximnastas (*) dos anos 2003, 2004 e 2005 dos grupos de tecnificación A e B e polos seus resultados en 2018:

- | | |
|---------------------------------------|----------------------------------------|
| - Silvana Longa (Maniotas) | - Victoria Ríos (Acordes) |
| - Andrea Villar (Escola X. Acordes) | - Clara Longa (Maniotas) |
| - Beatriz Fernández (Esquíu) | - Candela Martínez (Escola X. Acordes) |
| - Carolina Villar (Escola X. Acordes) | - Iria Álvarez (Escola X. Acordes) |

(*) Os clubes das ximnastas deben informar a Federación, antes de finalizar outubro, dos aparatos que están preparando para 2019.



Federación Galega de Ximnasia

Rúa Carlos Maside s/n 32002 OURENSE TF 988238999- - info@ximnasia.com



- De cara a formación do Equipo participante na Copa España Raíña Sofía Individual 2019 realizarán control de aparatos as seguintes ximnastas dos grupos de tecnificación A e B, tendo en conta a súa categoría por idade e a súa traxectoria en 2018, unha xornada de Decembro (27, 28 ou 29 de Decembro) no Inef da Coruña:

- Andrea Villar (Escola X. Acordes)
- Sofía (Ximnasia Porriño)
- Silvana Longa (Maniotas)

(*). Os clubes das ximnastas deben informar a Federación, antes de finalizar outubro, dos aparatos que están preparando para 2019.

3. PROPOSTAS E PREGUNTAS

Proponse a realización dunha xornada de formación práctica de xuíces galegos de nivel I e II antes da celebración do Cto. Galego de Conxuntos Federado para que de xeito obrigatorio (salvo falta xustificada) acudan todos os xuíces galegos do presente ciclo olímpico ca titulación en vigor para que a Federación as poida seguir chamando para puntuar en competicións oficiais.